



Suscríbete

PORTADA VILAGARCÍA SALNÉS ULLA-UMIA BARBANZA TUDEAL ELECCIONES GALICIA ESPAÑA MUNDO ECONOMÍA SOCIEDAD DEPORTES PYMES

OPINIÓN



# Diario de Arousa

17°-32°

Jueves | 12 Octubre | 2023

tu motor  
inmuebles

## Un ano despois | A dorna polbeira “Águila Tres” volve ao mar e gáñase unha vida en terra

O Salnés



Membros do Clube Mariño Salnés ante a dorna polbeira “Águila Tres” trala súa restauración | Gonzalo Salgado

f t in

LUCÍA ROMERO 2 DE MARZO DE 2023, 07:36

A dorna polbeira “Águila Tres” volve lucir en todo o seu esplendor un ano despois de caer nas mans do Clube Mariño Salnés por medio dunha doazón. Debido ao seu estado de conservación sabían que a súa restauración non ía ser sinxela e que precisaría de moito traballo, pero o feito de ser unha das últimas creacións do mestre de carpintería de ribeira Domingo Ayaso, xa retirado, despexou calquera dúbida e seguiron adiante. Tamén que a Deputación lles concedera unha axuda.

### “Noutro tempo iría ao lume”

A embarcación, construída entre os anos 60 e 70 do século pasado, terá agora unha nova vida axudando a aprender navegación tradicional a vela, pero tamén en terra, porque o Clube a empregaría para exposicións didácticas e divulgativas sobre o patrimonio marítimo. “Salvouse e tivo moita sorte porque noutros tempos iría ao lume. Grazas a que hoxe hai máis sensibilidade e as axudas que permiten realizar estas cousas, se non sería inviable”, explica Xaquín Cuíñas, un dos socios con máis experiencia en traballos de recuperación.

Lo más visto



El Plan sobre Drogas prepara otra subasta con bienes de Dorado y Patoco valorados en más de 800.000 euros

LUCÍA ROMERO



Nace en Cambados la Mostra dos viños do mar: tres días de stands, catas, música y una andaina enoturística

LUCÍA ROMERO



Cambados estaría dispuesto a comprar el terreno para que la Xunta construya una residencia pública

LUCÍA ROMERO



Prisión sin fianza para el guardia civil que se atrincheró en Carril

OLALLA BOUZA



Detalle da dorna polbeira Águila Tres restaurada polo Clube Mariño Salnés | Gonzalo Salgado

### A “sorpresa”

Como sempre, os membros do clube ensuciáronse as mans neste proxecto. Encargáronse de todo o proceso de saneamento da dorna no que retiraron capas e capas de pintura e detectaron que “sufrira bastante” debido a un mantemento desaxeitado nalgún momento da súa existencia e a anos á intemperie. De feito, a cousa non pintaba ben, recoñecen, pero tras deixala ‘espida’ chegou a “sorpresa”: A obra viva –a parte sumerxida– “estaba moi ben conservada, intacta pódese dicir, grazas ao alquitrán que lle botaron para que cumprira a súa función orixinal, servir para a pesca. Isto deunos o empuxón para seguir adiante”, conta Cuíñas. Aínda así, a necesidade dunha nova cuberta e cravación e outras cuestións, como que lle faltaba parte dun costado, eran choio suficiente para ter que recurrir a un estaleiro profesional, como finalmente fixeron, máis concretamente a Garrido.

Dende a asociación aseguran que o resultado “é espectacular” e cren que todo este “longo e costoso” proceso de restauración tamén ten outras utilidades. De feito, deixaron diferenciada a parte orixinal da restaurada a propósito e documentaron todos os pasos para crear unha exposición que verá a luz en maio. Pode parecer unha esaxeración e Cuíñas non oculta que eles son uns entusiastas da cultura marítima tradicional, pero cabe recordar que non hai moito, as “aguias tres” abundaban nos portos e hoxe, ela e outras superviventes, “son xoias porque a carpintería de ribeira esmorece por falta de relevo xeracional, así que todas as que quedan empezan a ser pezas únicas”, reflexiona o socio.



Suscríbete



Vista completa da dorna restaurada polo clube de Cambados de navegación e conservación do patrimonio marítimo tradicional | G.S.

Toda a operación, incluíndo o equipamento, tivo un coste de 11.706 euros; unha cantidade importante para unha entidade que sobrevive coas cuotas dos socios e que puido asumir porque a subvención provincial cubriu o 80 %. A Escola de Vela Tradicional de Cambados tamén conseguiu unha axuda desta liña para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo que lle permitirá renovar a vela da súa dorna “festivaleira”, a “Julicheira”.

[O Salnés](#) [embarcaciones tradicionales](#) [Cambados](#) [Clube Mariño Salnés](#) [Dorna](#)  
[ayudas](#) [diputación](#) [patrimonio marítimo](#) [Navegación Tradicional](#) [carpintería de ribeira](#)  
[Domingo Ayaso](#)



Suscríbete

Por favor identifícate o regístrate para comentar

Login con E-mail

Comments by Historiable Política de privacidad

## ⌚ Te puede interesar



VÍDEO: Protesta bateeira por mar y tierra para exigir el control sobre la mejilla



El gigante polaco Pepco prepara su desembarco en Vilagarcía



El albariño "Heritage" de Paco & Lola se alza con medalla de oro en dos certámenes de prestigio

# Diario de Arousa

[El Ideal Gallego](#) [Diario de Ferrol](#) [Diario de Bergantiños](#) [dxt campeón](#)

[COMUNICADOS](#) [ESQUELAS](#)

[Publicidad](#) [Contacto](#) [Aviso Legal](#) [Política de privacidad](#)

POWERED BY BIGPRESS